



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 3 de novembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

17.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERÉS TURÍSTICO, NO ANO 2023. Expte. 8493/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de 02/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/11/2023, asinado pola técnica de actividades turísticas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Con data 17/04/2023 aprobouse a iniciación dun expediente administrativo para a redacción e aprobación de “BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERÉS TURÍSTICOS NO ANO 2023”

Os obxectivos xerais destas subvencions responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:

- Contribuír á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.
- Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.
- Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.
- Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.
- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.
- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido
- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos deportivos con especial interese turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 04/07/2024 04:04 | Páxina 1 de 3 |
| SUBVENCIONS | CSV: A8AB5B-BBA956-D2A6CA-DQS8AC-PZTY2Z-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

A Xunta de Goberno Local aproba, en sesión ordinaria de 5 de maio de 2023, as “ BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS DEPORTIVOS CON FINES DE INTERESE TURISTICO NO ANO 2023”. EXPTE. 8463/104” que con posterioridade, o 15 de maio, foron publicadas no BOPPO (núm. 92).

II. AMPLIACIÓN DO PLAZO DE XUSTIFICACIÓN.

A cláusula decimo quinta das bases da xustificación das subvención, establece que “As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.”

O artigo 70 do RLXS dispón que << 1. *El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una ampliación del plazo establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.*

2. *Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común>>*

Así mesmo o artigo 32 da LPAC vixente dispón << 1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados.

(..)>>

En base ao exposto, a nova data límite de xustificación da subvención respecta o sinalado no punto 38.11 de bases de execución do orzamento do Concello de Vigo dispón que “as bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano no que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana do mes de novembro..>>

E por isto que non habéndose adoptado acordo de concesión das subvención considerase conforme ao interese xeral a ampliación do prazo de xustificación de subvencións ata o día 07/12/2023 non advertíndose que coa mesma se prexudiquen intereses a terceiros.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Ampliar o prazo da xustificación da subvención, ata o 7 de decembro de 2023 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 04/07/2024 04:04 | Páxina 2 de 3 |
| SUBVENCIONS | CSV: A8AB5B-BBA956-D2A6CA-DQS8AC-PZTY2Z-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 04/07/2024 04:04 | Páxina 3 de 3 |
| SUBVENCIONS | CSV: A8AB5B-BBA956-D2A6CA-DQS8AC-PZTY2Z-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |